

Membros Xunta Directiva

Presidenta:	<i>Marisa Yáñez Villaverde</i>
Vicepresidente:	<i>Marcos Vázquez Gómez</i>
Tesoureiro:	<i>J. Carlos Otero Quintián (ausente)</i>
Secretaria:	<i>María Jesús Santamariña Núñez</i>
Vocal:	<i>Francisco García Pérez</i>
Vocal:	<i>Hector Canle Rodríguez</i>
Vocal:	<i>Andrés Dopico Pena</i>
Vocal:	<i>Ana Tome Morandeira</i>

Extracto da sesión celebrada pola asemblea da ANPA do CEIP Francisco Vales Villamarín o día 17 de xuño de 2010

Iníciase a asemblea en segunda convocatoria ás 17.10h. Asisten como membros da Xunta directiva: M^a Luisa Yáñez, Francisco García, Andrés Dopico, Marcos Vázquez e Ana Tomé. Incorporáanse máis tarde Hector Vales e M^a Jesús Santamariña. Á asemblea asisten 24 socios/as, membros da xunta directiva incluídos. Os puntos a tratar son os seguintes:

1. Lectura e aprobación da acta anterior por parte da presidenta. Apróbase, por asentimento, sen comentarios.
2. Información das xestións realizadas en relación as suxestións e queixas da última asemblea. Danse por solucionados os seguintes puntos:
 - A publicación da lista do material escolar en xuño, xunto coa lista de libros
 - A realización dunha xornada de portas abertas, a partir do vindeiro curso, para os pais e nais do alumnado de 1º de Infantil e 1º de Primaria.
 - Mellora das infraestruturas externas e da sinalización viaria no entorno do colexio.
 - En relación a quen é responsable do coidado dos nenos dende que montan no autobús ata que entran na escola, comunícase que é a responsabilidade do transporte escolar termina na porta do recinto escolar. Unha vez dentro do recinto escolar a responsabilidade é do colexio, segundo vén de confirmar a Consellería de Educación da Xunta de Galicia en escrito dirixido a CONFAPA Galicia o 26 de marzo de 2010.
 - O proxecto ABALAR (informatización das aulas en 5º Primaria) non foi concedido a este colexio debido a que non dispón de instalacións eléctricas/telefónicas adecuadas
3. Reorganización da Xunta directiva. Comunícase que ao longo do curso producíronse tres baixas voluntarias, como membros da xunta directiva. Correspondendo estas baixas a Lucía Rábade Vázquez (vocal) Jesús Díaz Sánchez (vocal) e Begoña Velo Villar (vocal). Dende a xunta directiva animase aos presentes a incorporarse á xunta directiva na próxima asemblea.
4. Resumo do estado de contas. A presidenta, en ausencia do Tesoureiro informa dos ingresos e gastos así como do saldo final que ascende a 4.397 Euros.
5. Presentación e aprobación do novo sistema de cotas de socio. Proponse baixar a cota de socio a 10€/familia e restrinxir o período de inscrición como socios/as dende o 1 de xuño ao 15 de novembro. O pago pasará a realizarse unicamente a través do banco. Apróbase por unanimidade.

Os socios que xa teñan pagada a cota do curso 2010-2011, con anterioridade á entrada en vigor da nova cota, devolveránselle os 2€ de diferenza.

Comunícase que todos os alumnos/as do CEIP Fco. Vales Villamarín teñen dereito a participar nas actividades organizadas pola ANPA, con independencia de que sexan socios ou non da mesma. En base a isto, a ANPA establecerá medidas, principalmente económicas, que favorezan aos socios/as á hora de participar nas mencionadas actividades.
6. Xestión do Comedor e Madrugadores. Infórmase do número de alumnos que usan o comedor e o servizo de madrugadores. A xestión do Comedor continuará como ata agora, a través da Federación de APAS de A Coruña, que non xestiona o programa de Madrugadores. Por este motivo, o Concello de Betanzos, a petición do ANPA, está estudando facerse cargo deste programa, ao igual que o fan outros Concellos limítrofes. Mentres tanto, seguirá sendo un servizo ofertado por esta ANPA.

Tamén se comenta o prezo do comedor, que está por riba da media galega (1,44€ máis por menú) e o compromiso do Concello de estudar a posibilidade de establecer axudas que o acerquen á media galega.

Establécese que todos os alumnos/as que queiran usar os servizos de comedor / madrugadores deberán ter abonada, con anterioridade ao uso destes servizos, unha matrícula de 20€/curso/familia ao ANPA. Esta matrícula será gratuíta para os socios/as desta ANPA.

Comunícase que con data 27 de maio de 2010, procedeuse a abonar as axudas de comedor outorgadas pola Xunta de Galicia, correspondente ao período Decembro 2008-Xuño 2009. Os usuarios que a día de hoxe non retiraron o cheque de axuda, deberán facelo antes do 31 de decembro, dirixíndose aos membros da xunta directiva.

Infórmase que a xunta directiva convidou, por escrito, ás nais/pais usuarios de comedor a participar activamente na mellora do servizo, dende dentro da xunta directiva.

Finalmente dáse conta das reclamacións recibidas, todas elas solucionadas, ao longo do curso.

7. Axendas escolares para o curso 10/11. Mantense a iniciativa da ANPA para o vindeiro curso en relación ao modelo de axenda escolar, para os alumnos de 3º a 6º de Primaria. A axenda está subvencionada ao 50% entre o ANPA e o Concello de Betanzos. Pídese a colaboración dos pais e nais na súa revisión e utilización, para favorecer a súa implantación.
8. Previsión de matrícula para o curso 2010-2011. Infórmase da previsión para o vindeiro curso, que xa supera os 900 alumnos, e dos problemas que esta masificación pode carrexar ante a falta de profesorado de apoio. Faise un resumo das xestións realizadas pola Xunta directiva en relación a este tema e comunícase que foi aceptada a queixa realizada ante o Valedor do Pobo.
9. Protocolos de alerta médica. Infórmase da instalación de carteis con protocolos de actuación nas aulas con alumnado con problemas de alerxias, intolerancias ou enfermidades crónicas. Así como da oferta do Concello para impartir a todos os colexios formación acerca de como actuar en caso de emerxencia. Concretamente o obxectivo dos cursos será: "Que non se debe facer en caso de accidente ou enfermidade"
10. Plan de Autoprotección. Infórmase de que está en fase de revisión para adecualo ás instalacións actuais e da realización no vindeiro curso de dous simulacros de evacuación. Un no primeiro trimestre e outro no terceiro.
11. Compromisos adquiridos co Concello de Betanzos. Entre os que cabe destacar:
 - Mellorar das infraestruturas externas e sinalización viaria. A día de hoxe corríronse 8 das 29 deficiencias presentadas. O Concello amañará o resto das deficiencias no verán.
 - Limpeza a presión cuberta patio interior, pintado interior e substitución das portas de madeira por outras metálicas.
 - Limpeza do colexio (pavillón e limpeza integral do centro)
 - Axudas económicas para o boletín e as axendas escolares.
 - Programa "Ir andando ao Cole". Implantación cara ao curso 2010-2011 dun tramo piloto, pola zona de As Cascas, en colaboración con Protección Civil e outros axentes.
 - Aumentar espazos para actividades complementarias e extraescolares: aproveitamento de espazos en forma de U, con mesas de ping-pong, taboleiros de xadrez, 3 en raia, 4 en liña, etc..., similar aos colocados en parques infantís no exterior.
 - Corrixir deficiencias nas instalacións deportivas. Goteiras no pavillón, condensación, malos olores, portas de acceso inutilizadas por vandalismo. Especial atención merece o almacén cedido á ADC para custodia de material.
 - Confirmación da realización de campamentos de verán por parte do Concello. Os campamentos comezarán o 1 de xullo e rematarán o 13 de agosto. Enviarase información a tódolos nenos/as do CEIP.

12. Situación das Escolas Infantís. Infórmase de que o compromiso adquirido polo concello e maila Xunta de Galicia, a través da prensa escrita é de que a escola de 0-3 anos entre en funcionamento para o 2011. A Escola de 3-6 anos segue pendente da cesión dos terreos por parte do Concello.
13. Alternativa á Relixión. Recórdase que favorecer a educación non confesional dentro da escola foi un dos obxectivos aprobados na asemblea do 13 de xuño de 2009 e coméntanse os seguintes aspectos:
 - A evolución da matrícula. Nos últimos tres anos duplicouse a matrícula en Atención Educativa Debida (Alternativa), representando na actualidade un 30% dos alumnos matriculados. O ano pasado houbo, por primeira vez dúas aulas completas con só Alternativa e cóntase con que este ano pase a ser como mínimo o dobre.
 - As ofertas actuais para ao alumnado de Alternativa, recollidas no Programa Educativo do Centro actual
 - As propostas feitas pola Xunta directiva: Guía de Alternativa 2009, mecanografía, xogos en inglés e deseño con ordenador de mapas conceptuais.
 - O compromiso da Dirección do colexio de poñer en valor a esta optativa, establecendo unha programación pseudo-curricular de actividades para cada Ciclo, que teñan peso dentro da formación do alumnado.
 - A posibilidade de que segundo a Lei, ata o 15 de setembro é posible cambiar a matrícula de Relixión para Alternativa e viceversa.
14. Revisión do Proxecto Educativo de Centro. Infórmase da importancia deste documento para os centros educativos e da revisión prevista para o vindeiro curso. Faise unha relación das propostas da ANPA, relacionadas a maioría con asuntos tratados na asemblea.
15. Situación do Galego nas Aulas. Notifícase que a ANPA recibiu dúas queixas dos socios polas actuacións levadas a cabo pola Xunta directiva a raíz da publicación do borrador do novo "Decreto do Galego", máis concretamente pola adhesión da ANPA Brigantium á Plataforma cidadá "Queremos Galego", sen consultalo en asemblea, xa que ven un claro posicionamento político da mesma. Explícase que segundo os estatutos da asociación a Xunta directiva ten potestade para tomar unha decisión desde tipo. Aclárase que a xunta directiva barallou varias posibilidades como medida de presión e decidiu en reunión ordinaria e por maioría absoluta dos presentes (6 votos, dun total de 9 posibles) a divulgación no boletín mensual da ANPA das directrices do novo decreto e a opinión de distintos colectivos relacionados coa comunidade educativa; así como a adhesión á Plataforma Cidadá "Queremos Galego" por non representar a unha forza política determinada e aglutinar a moitos colectivos da sociedade, entre eles as ANPAS doutros colexios. A continuación faise unha breve declaración para desvincular a Xunta directiva de calquera interese político partidista e pásase a explicar as razóns que levaron a Xunta directiva a posicionarse en contra do borrador. Finalmente recórdase que un dos obxectivos da ANPA, aprobado na asemblea do 13-06-2009 é "potenciar o equilibrio no uso dos idiomas e poñer en valor o uso da lingua galega".

Ábrese unha quenda de intervencións nos que distintos socios manifestan posturas encontradas en torno a este tema.

Unha vez aclarado que a xunta directiva actuou segundo os estatutos vixentes, sométese a votación o apoio, ou non, da asemblea ás xestións feitas pola xunta directiva do ANPA, aclarando que a non ratificación das mesmas, sería interpretado polos 6 membros da xunta directiva mencionados anteriormente, como unha desautorización á súa xestión o que conlevaría a súa dimisión en pleno. Os resultados obtidos foron: 14 votos a favor; 0 votos en contra; 3 abstencións. Quedando aprobada a xestión da xunta directiva do ANPA.
16. Actividades levadas a cabo e programación para o vindeiro curso. Explícase que a xunta directiva non organizou este curso ningunha actividade dirixida aos rapaces, por considerar que este tipo de actividades corren a cargo da "Asociación Deportiva e Cultural Vales Villamarín". A continuación infórmase da programación de actividades para o vindeiro curso, que na súa maioría consistirán en charlas dirixidas ás nais e pais, relacionadas co entorno educativo. Tamén se baralla a posibilidade

ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do
CEIP Fco. Vales Villamarín
anpabrigantium@gmail.com

de participar no Proxecto Mandeo, dependente da deputación, sempre e cando estea liderado por profesores do colexio.

17. Información acerca das medidas tomadas para mellorar a comunicación entre as nais e pais e a Xunta directiva da ANPA: novo formato do Blog, boletíns mensuais informativos, caixas de correo no pórche da entrada do colexio ou a reorganización dos taboleiros de anuncios na entrada do colexio.
18. Suxestións e preguntas. Formúlanse as seguintes suxestións:

- Modificación dos estatutos para que a Xunta directiva da ANPA non se poida adherir a ningunha plataforma cidadá ou asociación sen previa consulta á asemblea.
- A publicación no blog das propostas que a Xunta directiva vai facer cando se realice a revisión do Proxecto Educativo de Centro, prevista para o vindeiro curso.
- Centrar as accións reivindicativas da ANPA ao ámbito do Vales Villamarín, deixando de lado outros centros como o Conservatorio ou a gardería.
- Establecer reunións conxuntas ANPA – ADC
- Inclusión nas axendas escolares de formatos sinxelos que faciliten a xustificación de faltas, autorizacións... Así como a súa extensión a 1º e 2º de Primaria.
- Finalmente faise unha pregunta relativa a interpretación do artigo 8 do Decreto de Transporte Escolar, relativa a obriga das coidadoras de facilitar o tránsito das mochilas dos rapaces durante a subida e baixada do autobús.

Intentará darse contestación a todas estas preguntas na próxima asemblea de principio de curso

Sen máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 20.15h